



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE OUTUBRO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/578/2011.- JOSE MANUEL GARCÍA OTERO. Aceptar a cesión e conceder a licenza para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Xesteira-San Caetano.

LIC/1129/2011.- JOSE ANTONIO RIAL MARTINEZ. Construcción de vivenda unifamiliar con demolición de edificación en ruínas na rúa Luís Vázquez de Parga.

LIC/1620/2011.- ENTIDADE CIMBRANOR, SL. Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 9 de setembro de 2008.

LIC/1476/2010.- RAMON PACHECO ETCHEVERS. Cambio de titularidade e concesión de licenza de reforma e ampliación da vivenda unifamiliar situada na rúa de Luís Vázquez Parga, 11.

PARCELACIÓNS

LIC/1676/2011.- DORINDA ESTRELLA COSTA CONDE. Licenza de parcelación urbanística das parcelas 1600 e 1559 do plano de concentración parcelaria de Sabugüeira-Carballal. (+)

LIC/1750/2011.- JOSE LUIS LISTE MUJICO. Licenza de parcelación urbanística da parcela sita na rúa de Mallou de Abaixo.(-)

4.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación da modificación do Plan de Formación Continua do Concello para 2011.

A XGL aprobou a modificación do Plan de Formación Continua do Concello. O orzamento inicial era de 148.514 € e debido ás modificacións nos cursos a impartir así como á baixa daqueles que tiñan pouca demanda fíxose un reaxuste que permite aforrar 6.700 €, quedando o orzamento en 141.814 €.

5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como o inicio da contratación do servizo de vixilancia das instalacións da UMAD.

Aprobouse a contratación dun Servizo de Vigilancia das instalacións da UMAD, e de acordo co Departamento de Contratación, este servizo queda contratado por un importe de 42.013,28 €.

6.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de elaboración dun diagnóstico económico-financieiro e análise da situación de xestión e operativa dos diferentes servizos do Concello de Santiago e de éste no seu conxunto.

Apróbanse os devanditos pregos e iníciase o expediente.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá, Tráfico, servizo de Grúa e ORA, relativa á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como o inicio da contratación do servizo de radiocomunicación trunking de voz e datos para o Concello.

Apróbanse os devanditos pregos e iníciase o expediente.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á interposición de recurso contencioso-administrativo contra resolucións do Xurado de Expropiación Forzosa no expediente de expropiación da DM-6 ZL 85 en Triacastela.

No seu día o xurado de expropiación estableceu un prezo xusto de cada unha das parcelas moi por riba do que o técnico municipal determinara. Por iso o Concello presentou un requerimento

previo de anulación perante o Xurado o 9 de setembro sen que até a data houbera resposta expresa. Non habendo resposta o Concello interpón recurso contencioso-administrativo contra as resolucións adoptadas polo xurado.

9.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Orzamentos relativa ao recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2011.

A XGL aprobou este recoñecemento de crédito extraxudicial. O Concello de Santiago ven incluíndo nos seus orzamentos anuais a consignación para facer fronte ás obrigacións económicas que lle corresponden como membro do Consorcio. No exercicio 2011 incorporouse crédito para estes fins por un importe de 1.652.000,00 €, correspondente á achega municipal 2010. Tendo en conta que estamos en 2011, anualidade distinta da correspondente á achega, co obxecto de regularizar as relacións entre o Consorcio e o Concello, e como consecuencia do principio de anualidade orzamentaria, procedeuse á aprobación deste recoñecemento.

10.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á impugnación do proceso selectivo de licenciado en Dereito, no marco do convenio asinado entre o Concello e a Secretaría Xeral de Emigración.

A XGL acordou estimar parcialmente o recurso de reposición ao respecto dun proceso selectivo para cubrir unha praza de "Licenciado en Dereito con formación específica en materia de estranxería", no marco do Convenio asinado entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Concello de Santiago de Compostela. Visto isto declarase a anulabilidade do proceso selectivo.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á denuncia do contrato do alugueiro do local sito na rúa Camiño dos Vilares, nº 1.

A XGL acordou a denuncia do contrato de alugueiro do local sito na rúa Camiño dos Vilares destinado polo Concello á asociación cultural Virxe de Guadalupe.

12 a 130.- Diversas propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de exencións no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, no lixo, na auga, no imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

131.- Dar conta do fallo do xurado do IV Premio "COMPOSTELA" de álbums ilustrados.

Deuse conta á XGL do veredito do xurado do IV premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados. De acordo coas bases da convocatoria estableceuse un único premio de 12.000 €. O xurado concedeu este premio a Martín-León – Barreto Jonson.